

I.H. AGREGADOS DA RENDA

O dinamismo da economía galega en 2005 veu acompañado polo incremento das tensións inflacionistas (medidas polas taxas de variación interanual do Índice de Prezos ao Consumo), así como dunha ralentización do ritmo de crecemento do número de persoas afiliadas á Seguridade Social e unha aceleración no ritmo de crecemento dos custos laborais (máis acusada no caso dos custos non salariais). Os datos agregados do terceiro trimestre de 2005 indican que as empresas experimentaron unha caída da importancia relativa do seu VEB a custo de factores nos ingresos de explotación, por mor da evolución dos custos externos, que fan que os consumos de explotación medren por riba dos ingresos de explotación.

O punto de partida deste capítulo é a análise da evolución do nivel de prezos, para centrarse posteriormente nos agregados da renda: a súa asignación e distribución, custos e salarios e resultados empresariais.

INFLACIÓN

Ao longo do ano 2005 a inflación galega, medida a través da taxa de variación interanual en decembro do índice xeral do **Índice de Prezos ao Consumo** (IPC), ascendeu ata o 3,7%, catro décimas más que no mesmo período do ano anterior. Este incremento de prezos, semellante ao experimentado no conxunto do Estado, foi superado polo rexistrado no País Vasco, cunha medra do 4,4%; Cataluña, cun 4,3%; Murcia, co 4,1%; Castela-A Mancha e Aragón, co 3,8%.

A taxa de variación interanual máis elevada rexistrouse en Pontevedra, onde os prezos medraron un 4,0%, catro décimas más que a rexistrada nas outras tres provincias galegas. Comparado co ano anterior, o **cadro 1.4.1.** reflicte que mentres que a inflación mantívose no mesmo nivel na provincia de A Coruña, Pontevedra rexistra a maior medra ao pasar do 3,0% de 2004 aos devanditos 4,0% do ano 2005.

Ao igual que acontecera no ano 2004, e tanto en Galicia como no conxunto do Estado, o grupo dos transportes é o que presenta a maior taxa de crecemento interanual, cun 6,2%. Asemade, outros cinco grupos do IPC –vivenda; alimentos e bebidas non alcohólicas; bebidas alcohólicas e tabaco; ensino; e hoteis, cafés e restaurantes– rexistran medras superiores á experimentada polo índice xeral. A inflación subxacente (non considera os alimentos non elaborados nin os produtos enerxéticos) presentou en 2005 unha taxa de crecemento do 2,7% en Galicia, dúas décimas menos que en España.

Como reflictien os **cadros 1.4.3.** e **1.4.4.**, os incrementos de prezos máis elevados producíronse en Galicia no mes de setembro, mentres que o máis baixo foi no de maio. En setembro, os prezos medraron un 3,8% respecto ao mesmo mes do ano anterior, mentres que en maio, esta medra foi do 2,9%. Ao longo do ano, entre os meses de abril e xullo, a taxa de variación interanual da inflación en Galicia sitúase por baixo da española, mentres que tan só nos meses de febreiro e setembro, a inflación galega é superior á rexistrada no conxunto do Estado.

No concernente a outros indicadores de prezos, o **cadro 1.4.5.** amosa que a taxa de variación interanual en decembro do **índice xeral de prezos industriais** rexistrrou en Galicia no último ano unha medra do 4,5% respecto ao ano anterior, sendo esta porcentaxe sete décimas inferior á rexistrada no conxunto do Estado. Os maiores incrementos experímentanse nos bens enerxéticos e nos bens intermedios, cunha medra do 8,6% e 4,7%, respectivamente. O IPI correspondente aos bens de equipamento medrou un 4,2% e o dos bens de consumo, un 1,6%.

IPC xeral (1) nas CC.AA. 2004-05 taxas de variación interanuais

	2004 (%)	2005	05/04 (en puntos porcentuais)
Andalucía	3,1	3,6	0,5
Aragón	3,2	3,8	0,6
Asturias	3,1	3,5	0,4
Baleares	3,0	3,5	0,5
Canarias	2,5	2,8	0,3
Cantabria	2,8	3,6	0,8
Castela e León	3,1	3,7	0,6
Castela-A Mancha	3,4	3,8	0,4
Cataluña	3,6	4,3	0,7
C. Valenciana	3,4	3,5	0,1
Estremadura	2,8	3,1	0,3
Galicia	3,3	3,7	0,4
A Coruña	3,6	3,6	0,0
Lugo	3,3	3,6	0,3
Ourense	3,2	3,6	0,4
Pontevedra	3,0	4,0	1,0
Madrid	3,1	3,7	0,6
Murcia	3,3	4,1	0,8
Navarra	3,3	3,7	0,4
A Rioxa	3,2	3,7	0,5
País Vasco	3,3	4,4	1,1
Ceuta-Melilla	3,4	3,7	0,3
Total	3,2	3,7	0,5

(1) base 2001
Fonte: INE, Indice de Precios de Consumo

1.4.1.
IPC galego e español 2004-05: distribución segundo grupos (1)

	2004		2005		05/04	
	Galicia	España	Galicia	España	Galicia	España
Xeral	3,3	3,2	3,7	3,7	0,4	0,5
Alimentos e bebidas non alcohólicas	2,5	3,0	4,8	4,2	2,3	1,2
Bebidas alcohólicas e tabaco	4,8	5,5	4,5	5,1	-0,3	-0,4
Vestido e calzado	1,8	2,1	1,2	1,4	-0,6	-0,7
Vivenda	5,2	4,1	5,6	6,0	0,4	1,9
Menaxe	2,2	1,8	2,6	2,2	0,4	0,4
Medicina	0,7	0,2	0,8	0,7	0,1	0,5
Transporte	6,6	6,0	6,2	6,2	-0,4	0,2
Comunicacións	-0,9	-0,7	-1,8	-1,7	-0,9	-1,0
Ocio e cultura	0,4	-0,1	0,7	0,6	0,3	0,7
Ensino	4,0	4,2	4,0	4,1	0,0	-0,1
Hoteis, cafés e restaurantes	4,9	4,2	3,8	4,3	-1,1	0,1
Outros bens e servizos	2,3	2,8	3,0	3,4	0,7	0,6

(1) taxas de variación anuais
Fonte: INE, Indice de Precios de Consumo

1.4.2.

IPC galego e español 2005: índice e taxas de variación mensuais e anuais


	Índice		Variación mensual (1)		Variación anual (2)		Variación no que vai de ano	
	Galicia	España	Galicia	España	Galicia	España	Galicia	España
	(Base 2001 = 100)							
Xaneiro	110,9	110,8	-1,1	-0,8	3,1	3,1	-1,1	-0,8
Febreiro	111,3	111,0	0,4	0,3	3,4	3,3	-0,8	-0,6
Marzo	112,2	111,9	0,8	0,8	3,4	3,4	0,0	0,2
Abril	113,8	113,5	1,4	1,4	3,4	3,5	1,4	1,6
Maio	113,9	113,7	0,2	0,2	2,9	3,1	1,6	1,8
Xuño	114,3	114,0	0,3	0,2	3,0	3,1	1,9	2,1
Xullo	113,4	113,3	-0,8	-0,6	3,2	3,3	1,1	1,5
Agosto	113,9	113,8	0,5	0,4	3,3	3,3	1,6	1,9
Setembro	114,8	114,5	0,8	0,6	3,8	3,7	2,3	2,5
Outubro	116,1	115,4	1,1	0,8	3,5	3,5	3,5	3,4
Novembro	116,2	115,6	0,1	0,2	3,4	3,4	3,6	3,5
Decembro	116,4	115,9	0,1	0,2	3,7	3,7	3,7	3,7

(1) calculada sobre o mes anterior

(2) calculada sobre o mesmo mes do ano anterior

Fonte: INE, Índice de Precios de Consumo

1.4.3.

Evolución mensual do IPC xeral en Galicia e España 2004-05

Fonte: INE, Índice de Precios de Consumo

1.4.4.

**Índice de prezos industriais nas CC.AA. segundo destino económico 2005:
taxas de variación anuais**

	Indice xeral	Bens de consumo	Bens de consumo duradeiro	Bens de consumo non duradeiro	Bens de equipo	Bens intermedios	Enerxía
Andalucía	10,0	11,9	5,4	12,5	1,0	5,2	16,6
Aragón	2,0	0,4	0,0	0,5	1,2	2,3	5,9
Asturias	3,3	1,6	2,5	1,4	1,1	4,5	3,0
Baleares	3,0	2,3	1,2	2,4	4,1	3,6	3,7
Canarias	9,2	2,0	4,8	1,8	2,7	1,9	20,4
Cantabria	0,6	4,1	-3,3	6,6	1,3	-2,5	14,9
Castela e León	1,8	0,6	2,5	0,5	1,7	1,7	4,8
Castela-A Mancha	5,6	5,0	-1,1	5,6	1,9	2,6	8,9
Cataluña	4,1	2,2	0,8	2,2	1,8	4,1	14,4
C. Valenciana	6,9	2,6	3,0	2,4	2,7	1,5	26,6
Estremadura	3,4	5,6	3,7	5,7	8,9	1,8	2,5
Galicia	4,5	1,6	3,1	1,5	4,2	4,7	8,6
Madrid	3,0	2,4	3,3	2,3	0,2	2,9	25,1
Murcia	6,0	0,5	3,6	0,1	2,3	5,3	18,2
Navarra	2,4	1,5	1,6	1,4	0,8	3,5	22,0
País Vasco	7,9	2,2	2,4	2,2	3,4	3,5	33,0
A Rioxá	4,1	3,5	6,6	3,2	2,6	4,5	20,6
Total	5,2	3,2	2,1	3,5	2,0	3,2	15,6

(1) base 2000. Datos correspondentes á medra rexistrada en decembro respecto ao mesmo mes do ano anterior
 Fonte: INE, *Índice de Precios Industriales*

1.4.5.

No caso dos produtos agrícolas, o índice xeral de **prezos percibidos polos agricultores** situouse un 2,9% por riba do de 2004, mentres que os prezos pagados polos medios de producción agrarios medrou un 1,4%. O índice de prezos percibidos polos produtos agrícolas e polo gando para abasto medrou 4,3% e 3,9%, respectivamente, mentres que o índice de prezos percibidos polos produtos forestais e polos produtos gandeiros descenderon un 4,0% e 5,0%, respectivamente.

ASIGNACIÓN FUNCIONAL DA RENDA

Os datos das Contas Económicas de Galicia 1995-2003 (base 2000), publicadas polo IGE en abril de 2006, indican que no período 2000-2003, a participación da remuneración dos asalariados na renda descendeu en 0,5 puntos porcentuais, pasando do 45,8% do primeiro ano da serie aos 45,3% de 2003. Tendo en conta a desagregación entre soldos e salarios e cotizacións sociais, o **adro 1.4.6.** amosa que, fronte ao descenso de 0,6 puntos porcentuais no caso dos salarios, a importancia relativa das cotizacións sociais medra dous décimas.

Pola contra, a participación dos excedentes brutos de explotación/rendas mixtas acada o 44,0% no derradeiro ano considerado, medio punto por riba do acadado en 2000, mentres que o peso relativo dos impostos netos sobre producción e importacións situouse no 12,0% en 2003.

Comparando os dous últimos anos da serie, a remuneración de asalariados medrou un 6,9%, sendo esta medra do 5,4% no caso dos excedentes brutos de explotación e rendas mixtas e do 9,4% no caso dos impostos netos á producción e ás importacións.

Se se ten en conta que a importancia relativa da poboación asalariada no conxunto do emprego -medido en termos do número de postos de traballo equivalente a tempo completo- medra de xeito

Asignación funcional da renda en Galicia 2000-03

	Remuneración dos asalariados		Excedente de explotación bruto /Renda mixta bruta	Impostos netos sobre producción e importaciones	PIB a prezos de mercado
	Soldos e salarios	Cotizacions sociais			
(en millones de €. Prezos correntes)					
2000	15.510,0	12.240,5	3.269,5	14.752,0	4.033,2
2001	16.581,5	12.983,0	3.598,5	16.138,2	4.287,8
2002	17.565,0	13.739,2	3.825,7	17.300,1	4.532,0
2003	18.769,1	14.691,6	4.077,5	18.235,8	4.959,2
(%)					
2000	45,8	36,1	9,6	43,5	11,9
2001	45,4	35,6	9,9	44,2	11,7
2002	45,2	35,3	9,8	44,5	11,7
2003	45,3	35,5	9,8	44,0	12,0

Fonte: IGE, Contas Económicas. Base 2000.

1.4.6.
Aumento salarial pactado en Galicia e España 2002-04

	2003	2004	2005			
				(%)		
Galicia						
Total convenios	3,88	3,96	4,38			
Convenios de empresa	3,13	3,35	3,84			
Convenios de outro ámbito	4,00	4,06	4,45			
España						
Total convenios	3,68	3,63	3,95			
Convenios de empresa	2,94	3,16	3,40			
Convenios de outro ámbito	3,77	3,68	4,01			

Fonte: Ministerio de Trabajo y Asuntos sociales

1.4.7.

continuado dende o 74,9% de 2000 ata os 78,5% de 2003, os datos das Contas Económicas indican unha lixeira caída da participación dos asalariados na renda. Se en 2000 o 74,9% dos traballadores repartíase o 45,8% da renda, no último ano considerado, o 45,3% da renda distribúese entre o 78,5% dos asalariados.

CUSTOS E SALARIOS

O **aumento salarial pactado** rexistrou en Galicia un lixeiro avance en 2005, ao presentar unha medra do 4,38% fronte ao 3,96% do ano anterior. Atendendo á desagregación segundo convenios de empresa e convenios doutro ámbito, o **adro 1.4.7.** amosa que estes medraron un 3,84% e 4,45%, respectivamente. Comparado co total estatal, e ao igual que o acontecido en 2004, Galicia presenta un aumento salarial pactado, tanto no caso dos convenios de empresa como nos doutro ámbito, superior ao da media española.

O **custo laboral medio por traballador e mes** en Galicia experimentou no ano 2005 unha medra do 3,1% respecto ao mesmo período do ano anterior, acadando os 1.815,57 euros (un 14,0% inferior á media estatal). A pesar de presentar unha medra lixeiramente superior á media estatal (2,9%), Galicia segue

Custos laborais en Galicia e España 2004-05: distribución segundo sectores económicos e componentes do custo
2004

	Total	Industria	Galicia	Construcción	Servizos	Total	Industria	Galicia	Construcción	Servizos
					(en €)					
Custo laboral por traballador e mes										
Custo total	1.761.38	1.947.22	1.688.95	1.700.25	2.051.56	2.346.38	2.001.51	1.968.20		
Custo salarial total	1.290.09	1.434.24	1.190.35	1.256.06	1.520.94	1.740.09	1.407.63	1.474.30		
Custo salarial ordinario	1.124.28	1.226.23	1.078.60	1.093.64	1.310.13	1.470.24	1.289.71	1.288.59		
Otros custos non salariais	471.29	512.98	508.60	445.19	530.62	606.29	593.88	493.91		
Custo por percepcións non salariais	64.77	52.09	83.86	65.32	71.10	74.88	100.03	64.10		
Custo por cotizacións obligatorias	420.37	477.46	433.18	393.90	476.37	551.52	506.65	446.44		
Subvencións e bonificaciós da S. Social	13.84	16.57	8.45	14.03	16.86	20.11	12.80	16.63		
Custo laboral por hora efectiva										
Custo total por hora	12.69	13.55	11.30	12.69	14.92	16.50	13.46	14.71		
Custo salarial total por hora	9.30	9.98	7.93	9.37	11.06	12.24	9.47	11.02		
Custos salarial ordinario por hora	8.10	8.52	7.17	8.16	9.53	10.34	8.46	9.49		
Otros custos por hora	3.40	3.57	3.38	3.32	3.86	4.26	3.99	3.70		

2005

	Total	Industria	Galicia	Construcción	Servizos	Total	Industria	Galicia	Construcción	Servizos
					(en €)					
Custo laboral por traballador e mes										
Custo total	1.815.57	2.034.60	1.802.45	1.733.56	2.110.07	2.420.11	2.057.80	2.028.44		
Custo salarial total	1.318.12	1.470.33	1.247.36	1.276.10	1.560.20	1.787.37	1.439.43	1.517.29		
Custo salarial ordinario	1.140.96	1.243.10	1.125.37	1.104.85	1.345.09	1.514.18	1.288.33	1.306.33		
Otros custos non salariais	497.45	564.27	555.10	457.46	549.87	632.75	618.37	511.15		
Custo por percepcións non salariais	81.05	94.14	111.93	68.56	78.25	84.63	111.51	69.54		
Custo por cotizacións obligatorias	432.24	488.72	455.81	404.46	489.54	570.08	520.13	459.29		
Subvencións e bonificaciós da S. Social	15.84	18.58	12.65	15.56	17.93	21.97	13.27	17.68		
Custo laboral por hora efectiva										
Custo total por hora	13.16	14.12	12.14	13.04	15.44	17.15	13.86	15.26		
Custo salarial total por hora	9.56	10.21	8.40	9.60	11.41	12.67	9.69	11.41		
Custos salarial ordinario por hora	8.27	8.62	7.58	8.31	9.85	10.74	8.68	9.83		
Otros custos por hora	3.61	3.91	3.74	3.44	4.03	4.49	4.17	3.85		

Fonte: Elaboración propia CES-Galicia a partir de INE, Índice de Costes Laborales

1.4.8.

Tempo de traballo segundo traballador e mes en Galicia e España 2004-05: distribución segundo tipo de xornada e sectores de actividade

2004

	Total sectores		Industria		Construcción		Servizos	
	España	Galicia	España	Galicia	España	Galicia	España	Galicia
Horas pactadas								
Total traballadores	158,1	158,4	166,6	166,3	168,5	169,8	153,3	152,4
Traballadores a tempo completo	169,9	170,0	171,0	171,2	171,4	171,9	169,1	169,0
Traballadores a tempo parcial	83,1	79,5	86,8	94,4	80,7	78,0	82,9	77,5
Horas pagadas								
Total traballadores	158,7	159,0	167,6	167,1	168,8	170,2	153,9	153,0
Traballadores a tempo completo	170,6	170,6	172,1	172,1	171,7	172,3	169,8	169,4
Traballadores a tempo parcial	83,3	80,4	86,9	94,4	80,6	78,0	83,1	78,4
Horas efectivas								
Total traballadores	137,8	139,0	142,7	144,0	149,0	150,6	134,0	134,2
Traballadores a tempo completo	147,9	148,8	146,4	148,0	151,5	152,4	147,6	148,1
Traballadores a tempo parcial	73,6	72,6	76,9	83,6	72,6	71,7	73,3	71,1
Horas non traballadas								
Total traballadores	21,1	20,4	25,3	23,9	20,0	19,7	20,0	19,1
Traballadores a tempo completo	22,9	22,3	26,2	24,8	20,4	20,0	22,3	21,7
Traballadores a tempo parcial	9,8	7,8	10,0	10,8	8,2	6,3	9,8	7,4
Horas extra por traballador								
Total traballadores	0,8	0,8	1,4	1,3	0,4	0,5	0,7	0,6
Traballadores a tempo completo	0,9	0,8	1,4	1,4	0,4	0,5	0,8	0,6
Traballadores a tempo parcial	0,3	0,8	0,1	0,1	-	-	0,3	1,0

2005

	Total sectores		Industria		Construcción		Servizos	
	España	Galicia	España	Galicia	España	Galicia	España	Galicia
Horas pactadas								
Total traballadores	157,5	157,8	165,9	165,3	168,7	169,1	152,7	152,1
Traballadores a tempo completo	169,8	170,0	170,8	170,9	171,4	171,3	169,0	169,2
Traballadores a tempo parcial	84,9	82,1	84,9	95,1	85,0	73,5	85,0	80,4
Horas pagadas								
Total traballadores	158,2	158,3	167,0	166,1	168,9	169,3	153,3	152,6
Traballadores a tempo completo	170,6	170,5	172,0	171,8	171,8	171,6	169,8	169,6
Traballadores a tempo parcial	85,1	82,9	84,9	95,0	85,0	73,5	85,2	81,3
Horas efectivas								
Total traballadores	136,9	138,2	141,6	144,5	148,7	148,8	133,1	133,2
Traballadores a tempo completo	147,4	148,6	145,6	149,3	151,1	150,7	147,2	147,7
Traballadores a tempo parcial	75,0	73,9	74,7	85,0	76,5	66,7	75,0	72,4
Horas non traballadas								
Total traballadores	21,4	20,4	25,7	21,9	20,5	21,0	20,3	19,6
Traballadores a tempo completo	23,3	22,2	26,6	22,9	20,9	21,4	22,8	22,2
Traballadores a tempo parcial	10,2	9,0	10,3	10,1	8,6	6,8	10,3	8,9
Horas extra por traballador								
Total traballadores	0,8	0,7	1,3	1,1	0,4	0,4	0,7	0,7
Traballadores a tempo completo	0,9	0,7	1,4	1,2	0,4	0,4	0,8	0,6
Traballadores a tempo parcial	0,3	0,8	0,1	0,0	0,0	-	0,3	1,0

Fonte: Elaboración propia CES-Galicia a partir de INE, Índice de Costes Laborales

1.4.9.

sendo, ao igual que en 2004, a cuarta comunidade autónoma cos custos laborais máis baixos, tan só superada por Murcia (1.806,33 euros por traballador e mes), Canarias (1.769,52 euros) e Estremadura (1.719,98 euros).

Atendendo á desagregación entre custos salariais e non salariais, o **cadro 1.4.8.** indica o desigual comportamento ao longo do ano 2005, onde os custos salariais medraron en Galicia un 2,2% respecto á media do ano 2004, mentres que os custos non salariais o fixeron nun 5,6%. No conxunto do Estado, a medra do 2,9% nos custos laborais totais ven motivada por un crecemento do 2,6% nos custos salariais e dun 3,6% no caso dos custos non salariais.

O sector de actividade cos custos máis elevados foi novamente, tanto en Galicia coma en España, a industria, cunha media de 2.034,60 euros en Galicia, o 84,1% da media estatal. Séguelle a constru-

ción, cun custo laboral medio de 1.802,45 euros (o 87,6% do custo estatal) e os servizos, cun custo medio de 1.733,56 euros (o 85,5% do custo medio en España). Comparado co ano anterior, do devan-dito **adro 1.4.8.** despréndese que Galicia presenta na industria e, especialmente, na construción, incre-mientos do nivel do custo laboral por traballador e mes superiores aos rexistrados no conxunto do Estado.

Un factor de análise sempre discutido no contexto da creación da inflación é a variación dos salarios monetarios. O importe total das ganancias salariais (pagos ordinarios) por traballador e mes situou a Galicia como a segunda comunidade autónoma cos custos salariais ordinarios más baixos, con 1.140,96 euros en 2005 (204,13 euros menos que a media no conxunto do Estado), por diante de Estremadura. En termos relativos, este incremento salarial en Galicia foi de 1,5%, un punto e dous déci-mas inferior ao rexistrado no conxunto do Estado, sendo a segunda comunidade autónoma co menor incremento respecto ao ano anterior, tras Cantabria.

No concernente ao tempo medio de traballo por traballador e mes, **adro 1.4.9.**, o número de **horas efectivamente traballadas** descendeu lixeiramente tanto en Galicia como no conxunto do Estado, aca-dando as 138,2 horas e 136,9 horas no ano 2005, respectivamente. Os traballadores a tempo completo teñen en Galicia 148,6 horas efectivamente traballadas (147,4 horas de media en España), e os traballadores a tempo parcial, un total de 73,9 horas ao mes (75,0 horas no conxunto do Estado).

Do mesmo xeito que en 2004, a construción é o sector de actividade con máis horas pactadas e efectivas, seguido pola industria e os servizos. No caso dos traballadores a tempo completo, a construc-ción é o sector que presenta un maior número de horas pactadas e efectivas, mentres que a industria o é no caso dos traballadores a tempo parcial.

A pesar de que o número de horas efectivamente traballadas descende lixeiramente, no último ano medrou o **custo laboral por hora efectiva**, que acada un valor monetario en Galicia de 13,16 euros (15,44 euros de media en España). Este incremento prodúcese tanto no custo salarial como en “outros custos”.

A **produtividade aparente de factor traballo**, medida como o cociente entre o produto interior bruto (prezos constantes) e o emprego (fonte INE, Encuesta Población Activa), situouse en Galicia en 2005 nos 40.511,01 euros por persoa ocupada. Se a media estatal é 100, o PIB (prezos correntes) por ocupado en Galicia acada en 2005 un valor do 85,0%, sendo esta porcentaxe do 67,1% no caso do sector primario e do 107,2% no da construcción. No sector industrial a produtividade aparente do traballo en Galicia foi do 82,0% da media estatal, e no sector servizos, do 87,1%.

RESULTADOS EMPRESARIAIS

Un último elemento a ter en conta á hora de analizar os agregados da renda é o que fai referencia aos resultados económicos das empresas. Aínda que esta memoria dedica un capítulo ao estudio do desenvolvemento do tecido empresarial galego, o que se pretende neste apartado é resaltar, de forma xenérica, os principais indicadores dos resultados empresariais segundo os datos da Central de Balances.

Unha análise agregada interanual dos principais indicadores empresariais correspondentes ao terceiro trimestre de 2005 indica un descenso do peso relativo do VEB a custo de factores nos ingresos de explotación. A causa principal desta caída está na presión dos custos externos que fai que os consumos de explotación medren a unha taxa superior á dos ingresos de explotación. Trala medra de case un dez por cento dos ingresos de explotación, e permanecendo praticamente constante o VEB, **adro 1.4.11.**, a súa importancia relativa descende dende o 24,5% do terceiro trimestre de 2004 ata o 22,2% do terceiro trimestre de 2005. Tendo en conta o incremento dun 5,3% dos gastos de persoal, o resulta-do bruto de explotación rexistrou unha caída do 6,0%.

**Produtividade aparente do factor traballo en Galicia e España 2004-2005:
distribución segundo sectores**

		2004		2005	
		Galicia	España	Galicia	España
Producción (prezos correntes)	(en miles de €)				
PIB prezos de mercado		42.421.254	798.672.000	45.780.475	904.323.000
VEB sector primario		2.157.470	22.311.000	2.174.708	26.830.000
VEB industria		7.479.134	136.105.000	7.872.507	144.872.000
VEB construcción		4.469.772	76.050.000	5.337.759	93.898.000
VEB servizos		25.306.581	507.542.000	25.629.451	544.577.000
Emprego	(en miles de persoas)				
Total		1.083,6	17.970,8	1.130,1	18.973,2
Sector primario		124,6	988,9	121,0	1.000,7
Industria		206,6	3.210,9	217,4	3.280,0
Construcción		130,9	2.253,2	125,1	2.357,2
Servizos		621,5	11.517,8	666,7	12.335,4
Produtividade aparente (p. correntes)	(en € por ocupado)				
Total		39.147,54	44.442,76	40.511,01	47.663,11
Sector primario		17.318,64	22.560,86	17.980,22	26.811,23
Industria		36.196,66	42.388,10	36.212,08	44.168,97
Construcción		34.139,94	33.752,00	42.685,00	39.834,13
Servizos		40.718,55	44.066,07	38.443,70	44.147,67
Produtividade aparente (p. correntes)	(%)				
Total		88,1	100	85,0	100
Sector primario		76,8	100	67,1	100
Industria		85,4	100	82,0	100
Construcción		101,1	100	107,2	100
Servizos		92,4	100	87,1	100

Fonte: Elaboración propia CES-Galicia a partir de INE, Índice de costes laborales e Encuesta de Población Activa

(1) Para o cálculo da produtividade aparente empréganse os datos da ocupación segundo a EPA, polo que, dado o cambio de metodoloxía, os datos de 2004 e 2005 non son directamente comparables

1.4.10.

Principais resultados da empresa galega 3º trimestre de 2004-05

		2004	2005	04/05
		(en millóns de €)	(%)	
Conta da explotación				
Ingresos de explotación		8.045,0	8.838,5	9,9
Consumos de explotación		6.072,3	6.876,0	13,2
Valor engadido bruto a custo de factores		1.972,7	1.962,4	-0,5
Gastos de persoal		954,8	1.005,3	5,3
Saldos, salarios e asimilados		725,6	746,4	2,9
Cargas sociais		229,2	258,9	13,0
Resultado económico bruto de explotación		1.017,9	957,1	-6,0
Estrutura patrimonial				
Activo total		10.916,7	11.826,7	8,3
Activo fixo		7.008,6	7.248,7	3,4
Accionistas desembolsos non esixidos		1,4	1,3	-5,0
Inmobiliizado inmaterial		336,7	328,4	-2,4
Inmobiliizado material		5.068,2	5.236,1	3,3
Outro inmobiliizado		1.602,4	1.682,9	5,0
Activo circulante		3.908,1	4.578,0	17,1
Pasivo total		10.916,7	11.826,7	8,3
Pasivo fixo		7.365,9	7.391,5	0,3
Recursos propios		3.942,9	3.831,8	-2,8
Acreedores a longo prazo		2.911,6	3.028,5	4,0
Provisións para riscos e gastos longo prazo		511,4	531,2	3,9
Pasivo circulante		3.550,8	4.435,3	24,9

(1) Mostra homoxénea de 235 empresas

Fonte: IGE, Central de Balances

1.4.11.

No que atinxe á estrutura patrimonial, as taxas de variación interanual entre o terceiro trimestre de 2004 e o terceiro trimestre de 2005 foron do 3,4%, no caso do activo fixo, e do 17,1%, no caso do activo circulante. Isto provocou que o peso relativo do activo fixo no balance total diminuíra ata o 61,3% do 3º trimestre de 2005 (64,2% no mesmo período do ano anterior). O devandito **adro 1.4.11.** indica que o investimento en inmobilizado medrou nun 3,4%.

As fontes de financiamento propias presentan unha taxa de variación interanual negativa do 2,8%, ao contrario do acontecido no caso dos recursos alleos, que experimentan un crecemento do 4,0%. No terceiro trimestre do 2005, os recursos propios representaban o 32,4% do balance total case catro puntos menos que no terceiro trimestre do ano anterior (36,1%). ■